

RELACIÓN DE ADEGAS PARTICIPANTES:

- | | |
|----------------------|------------------------------|
| 1 ALMA DAS DONAS | 8 CASA DE OUTEIRO |
| 2 ALGUEIRA | 9 VAL DE QUIROGA |
| 3 ATRIUM VITIS | 10 ADEGA GULLUFRE |
| 4 EDV VITICULTORES | 11 PAZO DE LA CUESTA |
| 5 ALVAREDOS-HOBBS | 12 ADAMARE WINES |
| 6 LAR DE RICOBAL | 13 ADEGA SALVADUR DE VILACHÁ |
| 7 RECTORAL DE AMANDI | 14 VAL DO FRADE |

D.O. CONVIDADA:
AVELINO VEGAS. D.O. RIBERA DEL DUERO

COMISIÓN ORGANIZADORA:

D. José Luís Rivera Castro
Vicente Parra Vizcaíno
Xosé Manuel Fernández Montes
María Teresa Pérez Grao
Luís Manuel Arias González
Antonio Marcos Prieto



CONCELLO DE
QUIROGA



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura



Consorcio
de Turismo



FEIRA DO VIÑO
DE QUIROGA



MONTAÑAS DO
COUREL
XEOPARQUE

XLIV Feira do Viño de Quiroga

3, 4 e 5 de Abril



Quiroga, Concello de Interese Turístico



CONCELLO DE
QUIROGA



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura



Consorcio
de Turismo



MONTAÑAS DO
COUREL
XEOPARQUE

Saúda do alcalde

Queridas veciñas, veciños e visitantes de Quiroga:

A Feira do Viño preséntase, un ano máis, como unha das grandes citas do noso calendario. Este certame, xunto coas demais iniciativas que promovemos ao longo do ano, forma parte da decidida aposta do Concello pola posta en valor dos produtos do noso fértil val e pola dinamización económica e social do municipio.

O éxito acadado edición tras edición non é casualidade. É froito do esforzo das nosas viticultoras e viticultores, adegueiras e adegueiros, que combinan o saber tradicional herdado coas técnicas máis innovadoras de cultivo e elaboración. Mais tamén é resultado do compromiso institucional: desde o Concello impulsamos, apoiamos e acompañamos este sector estratéxico, convencidos de que o desenvolvemento sostible pasa por aproveitar con responsabilidade os nosos recursos patrimoniais, culturais e naturais.

Ao longo destes anos de goberno avanzamos con paso firme, situando Quiroga como un destino de referencia no ámbito turístico, gastronómico e cultural. Eventos como esta Feira do Viño son unha mostra clara do potencial do noso territorio e da capacidade da nosa xente.

Ás persoas que nos visitades, quérovos agradecer a vosa presenza. É unha satisfacción recibirvos e compartir convosco o mellor da nosa terra. Agardo que levedes un grato recordo do encanto deste val.

Unha aperta cordial.

José Luis Rivera Castro
Alcalde

PROGRAMA DE ACTOS XLIV FEIRA DO VIÑO DE QUIROGA

SÁBADO, 28 DE MARZO

-Ás 12:30 h. Desfile dos membros da Confraría do Viño de Quiroga pola rúa Real e actuación do grupo de gaitas de Quiroga "O Recanto".

-Ás 13:00 h. Asemblea anual da Confraría do Viño de Quiroga no Museo Etnográfico.

LUNS, 30 MARZO AO XOVES, 2 ABRIL

-10º torneo Feira do Viño de fútbol sala. Pavillón polideportivo municipal de Quiroga.

MARTES, 31 DE MARZO

Ás 18:00 h. Inauguración da exposición de debuxo abstracto de "Líneas Exquisitas" de Luz Moscoso na Casa de Cultura.

VENRES, 3 DE ABRIL

-Ás 12:30 h. Cata de viños participantes na Feira. Na praza da rúa Lago.

-Ás 19:30 h. Cata de viños participantes na Feira. Na praza da rúa Lago.

-Ás 21:00 h. Apertura do recinto feiral con venta e exposición dos viños participantes.

-Ás 00:00 h. Actuación musical a cargo do grupo "Rosies in Hell", no recinto feiral.

-De seguido: Disco móbil "EME. MUSIC".

SÁBADO, 4 DE ABRIL

-Concurso de camisetas "Feira do Viño 2026". Inscrición no punto de información do Concello de Quiroga.

-Ás 11:30 h. XVII Certame Celtibérico de bandas de gaitas "Memorial Muíño". Homenaxe a Xan de Vilar.

-Desfile de bandas pola rúa Real.

-Actuación e concurso de bandas na Praza de España. Colabora a Dirección Xeral de Cultura. Xunta de Galicia.

-Ás 17:00 h Actuación da charanga "CLK" na Rúa Real.

-Ás 20:30 h. Pregón a cargo de Edu Soto e Iván Massagué, no palco do recinto feiral.

Presentará o acto o xornalista quirogués da Radio Galega, Carlos Julio González Gómez.

-Ás 21:00 h. Entrega de premios:

-Á gañadora do concurso para o cartel da Feira do Viño 2026: Antía Rodríguez Montenegro, natural da Ermida (Quiroga).

-Ao establecemento gañador do XIV concurso Val de Quiroga de Tapas.

-Aos gañadores do Concurso de camisetas Feira do viño 2026.

-Ás 23:30 h. Actuación do grupo "La banda de ayer". No palco do recinto feiral.

DOMINGO, 5 DE ABRIL

-A partir das 11:00 h. Alborada e animación do recinto a cargo do grupos de música tradicional "O Recanto" (Quiroga) e "Pándega" (Valdeorras).